

Documento distribuído por



# **Unha pequena reflexión a respecto da formación de actores**

**Mabel Rivera**

Texto da conferencia impartida por Mabel Rivera  
na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia  
19-9-2007 (inédito)



**Comisión de Igualdade**

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

## Unha pequena reflexión a respecto da formación de actores

En primeiro lugar, agradecer a invitación da Escola e a vosa asistencia, e dicir que me parecen moi interesantes estes encontros neste ámbito escolar, posto que eu sempre reivindicarei este tempo (de estudo) como unha necesidade básica da nosa actividade. Considérome unha estudante a destempo e, polo tanto, sempre insatisfeita e mesmo un punto resentida, coma se alguén me tivese negado o alimento básico comparativamente con outr@s (noutros lugares) que se nutrían estupendamente. Será por iso polo que lle dou tanta importancia ao que a min me faltou, mais non só por iso, senón porque a ten.

Eu considero aos actores e actrices como traballador@s, nunha área certamente peculiar, pero traballador@s ao cabo e que, polo tanto, necesitan un periodo de aprendizaxe básica seguido dun periodo intermedio dunha certa excelencia teórica xa combinada con prácticas profesionais, e unha posterior saída ao mercado laboral. E insisto especialmente nesta necesidade de formación porque neste noso mundillo temos certa tendencia a ir "de artistas" e a fiar en exceso en cualidades que, aínda que necesarias, son a todas luces insuficientes. Refírome ao talento, que creo sinceramente que sí que existe; e a iso que habitualmente se denomina as "ganas" : "este chico (ou chica) tiene muchas ganas". Claro, e que non nos falten, por dios,

nin o talento nin as ganas, pero está claro que con iso non facemos vida. Son, en calquera caso, cualidades particulares, individuais, mentres que A FORMACIÓN É O QUE NOS IGUALA POR BAIXO. É, POLO TANTO, UN DEREITO DEMOCRÁTICO QUE TEMOS NON SÓ COMO INDIVIDUOS SENÓN COMO PAÍS.

Non é cousa, polo tanto, de confundir as ganas ou o talento coa idea de ter nacido [aprendid@s](#) e, polo tanto, non ter que dar pancada. Claro que creo no talento, mais entendo como unha simple capacidade, unha máis entre tantas das que dispón o ser humano. Cousa moi diferente é a capacitación para exercelo, e iso é xustamente o que debemos adquirir; é como darlle de comer porque, se non se aproveita, pérdese.

Esta curiosa combinación de ganas + talento é o que nos veu permitindo funcionar en Galicia nos últimos 20 anos ou máis, coma se fose o noso particular I+D. E se cadra a algúns/algunhas, como é o meu caso, iso foi xustamente o que nos impediu saber se estabamos capacitad@s para nos dedicar a isto cun mínimo de solvencia. Mesmo o que inicialmente puidemos definir como "ganas" foi quedando polo camiño, perdido na sensación de estar tirando de algo que non existía de seu, como vivindo dun suposto, dunha teoría, dunha estafa en certo sentido ... ao tempo que se abría paso o temor de non estar facendo as cousas nin medianamente ben, que isto non podía ser tan fácil.

Estou a falar do principio dos anos 80, os únicos que para min marcan o inicio dun teatro profesional en Galicia. Descoñezo, salvo a través de teóric@s de dubidosa presenza real na sociedade, a existencia

dunha vida teatral anterior a eses anos 80 nos que empezamos a inventar a necesidade dun teatro profesional en Galicia, mais dubido que as bases que así fomos sentando fosen o suficientemente sólidas para que a nosa sociedade sentise realmente a necesidade da representación: xa sabedes, o teatro como espello no que mirarse, etc. ... Temo que non chegasemos a conseguilo porque fallaron as patas nas que sustentar ese feito, esa necesidade, esa auténtica demanda social de "verse" representada. E unha das patas fundamentais que aquí fallou foi a formación. Creo tamén, sinceramente, que @s que máis rapidamente nos demos conta desta carencia fomos nós, precisamente, as actrices/-tores, que fomos @s que empezamos a demandar que se crease urxentemente un espacio de formación. Dende o momeno da creación do C.D.G., no ano 84, vimos clara a necesidade de organizarnos na demanda do que considerabamos fundamental para unha actividade que estabamos exercendo xa de maneira profesional: marcos laborais, formación, programación privada, ...

Curiosamente, nos anos inmediatamente anteriores á inauguración da tan reclamada por nós Escola Superior, esta que agora tedes, a Universidade de Santiago impartiu una serie de cursos de posgrao aos que, de maneira pintoresca, quen menos dereito tiña a acceder eramos precisamente nós, as actrices e actores, salvo aqueles que tivesen unha titulación académica. De tal xeito que un licenciado en medicina, ou un alumno de filoloxía, podía acceder a eses cursos de posgrao e obter así un interesante número de créditos que engadir ao seu currículo (en aras da TITULITE, cabe supoñer), mentres que se

privaba desa posibilidade aos profesionais que verdadeiramente a precisaban.

Chegamos, polo tanto, aos anos 2000 botando de menos esa base imprescindible. Mais como prefiro centrarme na miña propia experiencia, por non molestar a ningún outro colectivo implicado no noso Sector e moito menos a [cert@s](#) colegas que seguen preferindo a opción do talento, vou falar en todo momento de min, da miña experiencia, do que eu creo que me falta. Hola, buenas tardes, son M.R., e cada vez me sinto máis insegura por falta de formación. Ademais, e moi importante, o tempo de estudo fai que se poña en valor o rol dos mestres nun mundo tan especializado (e xerarquizado) como é o teatro, como é o cine, e que se poñan en valor todos e cada un dos oficios que conforman esta complexísima actividade. Por certo, quen son @s nos@s maestr@s?. Teñen os coñecementos suficientes, a experiencia suficiente, o talento suficiente, a xenerosidade suficiente para que @s consideremos [mestr@s](#)? Se a resposta é non, sintámonos no dereito (democrático, como dicía antes) de esixilo. Como en calquera outra actividade humana, reivindicemos o dereito de aprender no espacio de impunidad que nos permite a época escolar, para que cando saiamos a exercer o noso traballo o fagamos con dignidade propia, e con respecto ao público para o que traballamos.

## O EJERCICIO DA PROFESIÓN

Ben, supoñamos que eu son unha esaxerada e que a cousa non é para tanto. Imos tomar como exemplo o sector audiovisual, considerado oficialmente estratéxico e que debe estar, polo tanto, perfectamente

dotado a todos os niveis, empezando pola formación. Supoñamos que as escolas de formación audiovisual que proliferan por Galicia adiante son de óptima calidade; supoñamos que todas dispoñen dun deseño curricular tan ben pensado coma o da Facultade de Audiovisuais da U.S.C., que non ten profesor de dirección de fotografía, que ésta non existe como asignatura, sendo a base dunha carreira de IMAXE! Mais sigamos supoñendo: xa aprendemos e xa estamos list@s para entrar no mercado laboral. É máis: levamos case 30 anos de mercado laboral neste sector estratéxico. Con toda esta experiencia adquirida, a cousa debería ir vento en popa, non é?.

Efectivamente, levamos moitos anos contemplando a boa marcha de gran parte da nosa actividade audiovisual a través do escaparate que temos máis á man e que mellor a reflicte: a nosa televisión autonómica. Se as fases de aprendizaxes e meritoriaxes foron o eficaces que lle cabe supoñer ao mencionado sector estratéxico, pregúntome cómo é posible que a través dese noso escaparate televisivo se sigan emitindo, nesta altura, produtos de ínfima calidade visual e artística, algúns deles de moi recente factura e facturación (certos espazos dramáticos, certas curtametraxes, certos documentais).

E se nos trasladamos ao cine (cine galego, claro), resulta desalentador constatar que as actrices/-ores aínda non superamos a fase de "meritoriaxe" para a consideración da gran maioría das produtoras existentes en Galicia. Non temos valor industrial: isto é unha realidade. Se unha das partes máis representativas (as caras e as voces) desta industria, como somos as actrices/-ores, non ten valor

de mercado no seu propio país, é que algo está pasando con esa industria. A cousa ten unha explicación: as verdadeiras estrelas son @s produtor@s, os interlocutores únicos. E se estes nosos únicos interlocutores non nos dan valor, quen no-lo vai dar: @s produtor@s de Madrid?; @s de Cataluña ou Andalucía?.

Cando falo de interlocutores refírome a esa longa restra de institucións e chiringuitos varios que se foron creando ao longo destes anos de actividade, como algo imprescindible para o sector: consorcios, clústeres, filmcommissions ... que consistencia teñen de cara a salvagardar un sector que emana dunha comunidade?. En todas esas visitas fan aos distintos festivais internacionais (stands da Comunidade Autónoma en Cannes, visitas do Clúster acompañando ao Presidente de Galicia por Arxentina, Cuba, Brasil, etc. etc.). Redunda isto na existencia dun cine galego, podemos falar del?. De ser así, poderíamos definir o cine galego como aquel que se caracteriza por que nel nin traballan actrices/-tores galeg@s e no que, por suposto, non se fala en galego?.

Certas declaracións aparecidas últimamente na prensa, no sentido de que as produtoras non están dispostas a limitar o seu cine só a Galicia e para @s galeg@s, a min non me parece ben nin mal: é a lexítima opción dunha empresa privada. Perdón: debería selo, porque resulta que é una opción que se toma baixo a protección de instancias públicas e representativas do sector, e cos nosos públicos cartos, o que xa é outro cantar.

## O IDIOMA

O feito de poñer en valor as características propias dunha cultura é algo inherente a esa cultura, non de maneira excluínte doutras realidades senón como punto de partida connatural ás actividades que emanan dunha colectividade concreta.

Agora ben, se consideramos que o cine que se faga en Galicia, cos nosos cartos, debe ser feito en galego, non debemos por iso pensar que aí radique a "salvación" do sector. O único que pode salvar ao cine galego é que sexa de calidade (citando a Hitchcock: "Hágame una buena película muda y luego ya le pondrá sonido"). Ou sexa: fagamos produtos (en teatro, TV ou cine) de calidade baseados en boas historias, ben planificados (ou escenificados), ben iluminados, ben ambientados, ben interpretados ... por bos profesionais [GALEG@S](mailto:GALEG@S). Poderíamos levar a sorpresa de que a suposta debilidade do idioma (galego) en relación co castelán, se cadra non é tanta.

O tratamento do idioma, sobre todo no cine, paréceme verdadeiramente escandaloso. Por un lado, non nos atrevemos (??) a producir tomando o galego como versión orixinal<sup>3</sup>, mais impónse hipocritamente a obriga de exhibir os produtos dobrados ao galego como condición *sine qua non* para cobrar as subvencións. Ou sexa, que a ver quen é o guapo/guapa que se atreve a defender un produto falado orixinalmente en galego e que sexa exportable, que poida competir nun mercado nacional ou mesmo internacional. O mesmo pasa con nós, coa parte de interpretación: por qué @s [director@s\\_galeg@s](mailto:director@s_galeg@s) (salvo excepcións) non se atreven a traballar con nós? Por qué se nos



utiliza de maneira residual (salvo excepcións, insisto), como coartada para xustificar os cartos da produción? Por outro lado, por qué nos resulta tan difícil (por non dicir imposible) ás actrices/-ores [galeg@s](mailto:galeg@s) circular libremente no mercado español, coa intensísima actividade que existe por fóra de Galicia, e con tanta coprodución que se está a facer coas outras canles autonómicas?.

A defensa da versión orixinal en galego vai no mesmo lote da edefensa da V.O. *per se*. As versións orixinais tamén son audiovisual, e paréceme inconcebible que a estas alturas de "sector estratéxico" non exista en Galicia, polo menos, unha sala de exhibición en V.O. en cada unha das grandes cidades como un feito totalmente normalizado. De maneira que, ao tempo que podemos reivindicar o noso idioma no orixinal, debemos reivindicar o dereito d@s creador@s a que a súa obra sexa contemplada na súa integridade, así coma o dereito d@s espectador@s [galeg@s](mailto:galeg@s) (e de maneira especialísima as actrices/-ores !!) a ver e a escoitar en toda a súa plenitude creativa o traballo dun Philip Seymour-Hoffman en Capote, por poñer só un exemplo dun traballo moi especial onde a utilización da voz é a base da construción do personaxe. A exhibición cinematográfica baseada na dobraxe como única opción alternativa paréceme impropio de países civilizados. Que non haxa una defensa pechada da exhibición en V.O. por parte de ningunha instancia do noso sector estratéxico, é indicativo dun audiovisual eivado. E a pretensión de que esas dobraxes sexan en galego como modo de que o galego "se incorpore ao cinema", non é máis que o recoñecemento covarde da gran debilidade non só da lingua, senón de toda unha industria.

Por último, boto tamén de menos a formación permanente a través de espazos creativos nos que investigar, reciclarse ou preparar traballos concretos. É posible que esta situación mude a partir de agora, xa que este tipo de centros adoitan aparecer nos lugares onde hai escolas de arte dramática, precisamente para dar resposta a esa necesidade xa creada de seguirse preparando e experimentando á marxe do traballo concreto das compañías de teatro ou das produtoras de cine e televisión. Para facer talleres, seminarios ou estudos específicos con certa solvencia temos, de momento, que seguir emigrando.

Por certo, e como apunte final, comentar que vindo de camiño escoitaba pola radio a promoción da programación da nova temporada de CAIXANOVA; curiosamente, entre os que se anunciaban como pratos fortes da programación non había ningún galego.

Bos días e moitas grazas.

Vigo, 19 - 9 - 2007